

INTRODUCCIÓN

11 de setembro de 1973. O exército chileno, encabezado por Augusto Pinochet, interrompe violentamente a experiencia de socialismo democrático presidida por Salvador Allende. Desde o Palacio da Moeda, nun xesto de coherencia e dignidade que aínda nos inspira e estremece, diríxese ao pobo para reiterar¹ a súa confianza na loita pola igualdade entre os seres humanos. Agora sabemos que a súa morte, suicidio ou asasinato non muda o significado, se converterá nun punto de inflexión na historia do capitalismo. A ditadura militar que o substitúe asasinará milleiros de dirixentes políticos e sociais populares e porá en marcha un dos primeiros experimentos económicos neoliberais.

4 de maio de 1979, Margaret Thatcher gañas as eleccións e toma posesión como primeira ministra. Até 1990 aplicará o experimento chileno nas catro nacións británicas. Para o facer, comezou por derrotar a principal organización das clases traballadoras no capitalismo, os sindicatos. A folga dos mineiros que se mantivo durante case un ano, entre marzo de 1984 e marzo de 1985, rematou cun desastre de dimensións históricas. A BBC valorou en 2004 que Thatcher “conseguiu destruír o poder dos sindicatos por case unha xeración”. Anos máis tarde, o primeiro ministro do Partido Laborista, Tony Blair, gobernará aceptando o marco mental, político e económico, instaurado por Thatcher.

20 de xaneiro de 1981, Ronald Reagan inicia 8 anos de mandato. Como Thatcher, unha das súas primeiras decisións políticas foi combater e desmantelar unha folga, a dos controladores aéreos. Dous días despois de eles convocaren o paro, despediu fulminantemente 11.345. O control do espazo aéreo foi asignado aos militares, até que novos controladores foron formados e contratados.

1 <https://www.youtube.com/watch?v=xZeEFXjTNu4>.

9 de novembro de 1989. Coa queda do muro de Berlín comeza a fin da primeira e máis importante experiencia socialista, iniciada 72 anos antes. O réxime soviético, capitalismo de estado?, socialismo burocrático?, desaparece en poucos meses. A esperanza dun socialismo democrático e eficiente economicamente esváese. O 26 de decembro de 1991, o Soviet Supremo decide a disolución da URSS.

1789, tomada da Bastilla, comezo da revolución Francesa – 1989, fin da experiencia soviética. Como se a historia puidese seleccionar caprichosamente as datas, péchase, ou tal semella, un ciclo de 200 anos, o tempo das revolucións. Fukuyama pode decretar convincentemente a fin da historia. En 1848, Marx e Engels publicaran o Manifesto Comunista. Cento cincuenta anos despois, o soño dunha sociedade de libres e iguais semellaba definitivamente clausurado. O socialismo, a propiedade colectiva dos medios de produción e a apropiación colectiva do produto social, reducido a unha derrota inapelábel. A división dos seres humanos en propietarios do capital e asalariadas é natural e insuperábel. Calquera intento de cuestionar esta orde, producirá inevitablemente, monstros. “O soño da razón produce monstros”, como no inquietante gravado de Francisco de Goya.

Setembro de 2018, porto de A Guarda, pór do sol conmovedor. Mentres ceamos falamos sobre o goberno recentemente elixido de Pedro Sánchez. Comento que para poder facer unha política favorábel á maioría social sería necesario comezar por socializar a enerxía e as finanzas. Dúas amigas, longos anos de militancia sindical, próximas a todas as causas progresistas, brincan no asento, míranme alarmadas. “Iso non é posíbel, non o permitirían”. Teñen medo. Medo polas consecuencias que podería carrexar unha medida, a socialización de sectores estratéxicos, que era común na Europa capitalista posterior á Segunda Guerra Mundial. No subconsciente, ou no consciente, Allende, a súa derrota, a brutal represión chilena. No subconscien-

te, ou no consciente, o fracaso da experiencia soviética. Lembro, nese momento, que poucos anos antes, no máis duro da crise, a poucos metros, mentres bebiamos un viño, un amigo, tamén militante de esquerdas, afirmara que os nosos fillos traballarán en precariedade, en condicións moitos peores que as nosas. E doutras conversas nas que militantes con décadas de loita incansábel manifestan que todo irá a peor, confesando, sen seren conscientes, que a súa é unha loita sen esperanza. Digna, valente, incansábel, mais, sen esperanza. Ninguén cre que poidamos vencer, ninguén cre que os poderosos poidan ser derrotados. As cores conmovedoras do pór do sol, si, mais Allende e 1989 como unha cortina escura ao fondo.

Virgínia Fortes sinala os síntomas da renuncia,

há uma espécie de aceitação tácita do capitalismo como insuperável numa vasta gama de movimentos e partidos, inclusive dentre muitos que se autoproclamam de esquerda. Desse ponto de vista, ser de esquerda parece significar certa devoção para ´minorar´ as difíceis condições de vida de alguns setores sociais. Esse tipo de atitude adota a postura da filantropia mercantilizada e banaliza a suposição do fim do trabalho e as classes sociais, supostamente substituídas pela pobreza, excluídos, vulneráveis, etc².

No arranque da Crise Financeira Global (CFG), importantes dirixentes das principais potencias capitalistas confesaran publicamente que algo ía mal. George Bush afirmara que había que suspender o funcionamento da economía de mercado durante algúns meses, Nicolas Sarkozy defendera que era necesario reformar o capitalismo. Na verdade, todas as medidas extraordinarias que se tomaron foron para salvar as entidades financeiras causantes da crise e

2 Fontes, Virgínia, Capitalismo em tempos de Uberização: do emprego ao trabalho, p. 111.

debilitar aínda máis a capacidade negociadora das clases traballadoras. Dez anos despois do estoupido da CFG a política semella virar á dereita, á extrema dereita, e a política económica radicalizarse na defensa dos intereses da minoría capitalista. Os síntomas do malestar social adoptan formas pre-fascistas. Rodrigo Duterte en Filipinas, Viktor Orbán en Hungría, Donald Trump en Estados Unidos, Jair Bolsonaro en Brasil foron elixidos sobre unha onda de indignación popular e desde a defensa de programas centrados en valores da dereita máis dura: execucións sumarias de presuntos narcotraficantes promovidas por Duterte, exaltación da familia cristiá por Orbán, criminalización das persoas inmigrantes por parte de Trump, reivindicación da ditadura militar por Bolsonaro.

Mais neste mapa faltan outros elementos que o contradín. No berce da revolución industrial e do capitalismo, Jeremy Corbyn, un deputado laborista que se declara socialista, foi elixido líder polas bases contra a oposición frontal de todo o aparato partidario por dúas veces. Aínda derrotado por Boris Jonhson, o apoio que conseguiu demostra a vontade dunha parte moi importante da sociedade de comezar un camiño radicalmente diferente. En EEUU, Bernie Sanders, outro socialista confeso, estivo a piques de ser o candidato do partido demócrata á presidencia, foi necesaria a intervención fraudulenta da comisión electoral para impor a candidata do sistema, Hillary Clinton. Nas primarias de 2020 volveu ser un dos dous candidatos demócratas finalistas nas primarias. En 2017, o 51% das mozas e mozos estadounidenses de entre 21 e 29 anos, declaraban preferir vivir nunha sociedade socialista ou comunista³. Nunha enquisa realizada en 2018 no Estado español, o 42,4% das persoas entrevistadas opinou que o capitalismo é incompatible coa democracia⁴.

3 <https://www.wsws.org/es/articles/2017/11/10/jove-n10.html>.

4 https://elpais.com/politica/2018/11/10/actualidad/1541871313_946442.html.

Como un eco, como unha imaxe deformada no espello do acontecido nos anos 30 do século XX, as actitudes políticas das poboacións semellan abrollar dun fondo resentimento contra as elites políticas e económicas, un resentimento que adopta formas contraditorias, antagónicas. Os líderes, os caudillos de extrema dereita, aprovéitanos para liderar movementos populistas reaccionarios, nostálxicos dun pasado que nunca existiu. Outra parte das poboacións, casualmente nos países máis desenvolvidos?, adhiREN a posicións incipientemente anticapitalistas. Posicións anticapitalistas descoñecidas desde o ocaso do pensamento socialista producido en 1989.

A tese que defendo neste libro é que o capitalismo, en Europa e América do Norte, é xa unha superstición, unha idea obsoleta que debe ser superada, que se dan xa as condicións para a propiedade colectiva dos principais medios de produción e para unha xestión democrática e planificada da economía. Defenderei tamén que a apropiación común do produto permitiría pórmoslles fin á explotación, á desigualdade, e aliviar o alleamento no traballo; que faría máis doado establecer a igualdade económica real entre mulleres e homes, socializando parte do traballo doméstico, de crianza e de coidados, e promovendo políticas públicas para compartir a parte dese traballo non socializábel; e, por último, que unha economía e sociedade socialistas farían un pouco menos difícil a transición a unha economía compatíbel cos límites físicos do planeta. E isto por dúas razóns principais: o gran nivel de igualdade inherente ao socialismo diminuiría a tensión a prol do consumo como marca de status e faría desaparecer a pulsión capitalista á creación incesante de novas necesidades. Desenvolvo esta tese en cinco partes. Presentación dos síntomas. Comparación de diagnósticos. Propostas de terapia. Valoración das principais experiencias socialistas e, elementos dunha proposta socialista para Europa.

ÍNDICE

Abreviaturas.....	11
Agradecementos.....	13
Introdución.....	15
Parte 1. Tres síntomas.	
1. Os síntomas I. Desigualdade.....	29
2. Os síntomas II. Precarización do traballo.	45
3. Os síntomas III. Descenso da participación dos salarios no PIB.....	55
Parte 2. Dous diagnósticos.	
4. O diagnóstico I. Piketty. Diñeiro que produce diñeiro....	71
5. O diagnóstico II. Marx. Traballo que produce valor.	81
6. Cadeas mundiais de produción de valor I. Apple. De Shenzhen a Cupertino.	89
7. Cadeas mundiais de produción de valor II. Inditex. De Bangladesh a Arteixo.....	101
8. Marx contemporáneo. Explotación do infoproletariado intelectual.	111
9. O capital abre incesantemente espazos á produción de valor.	125
10. O capital aprópiase de valor mediante a captación de rendas.	139
Parte 3. E dúas terapias.	
11. A terapia I. Reformar e controlar o capital.	161
12. A terapia II. Facer comúns os medios de produción.	173
Parte 4. Un breve balance das experiencias socialistas.	

13. URSS. Industrialización, progreso social e stalinismo.	191
14. República Popular da China. A recuperación da soberanía nacional.	211
15. Cuba. Socialismo nas fronteiras do imperio.	233
16. Península escandinava. Socialdemocracia real dentro do capitalismo.	259

Parte 5. Socialismo en Europa 2020

17. O capitalismo europeo está maduro para a transición socialista.	287
18. Socialismo é democracia.	323
19. Para migrarmos ao modo de produción socialista.	337
20. A crise que o muda todo. Crise ecolóxica e socialismo. .	371
21. A metade da humanidade. Emancipación da muller e socialismo.	403
22. Para acabar co neofeudalismo dixital. Os bens da información son bens comúns.	435
23. Brasil tamén está maduro para o socialismo.	477
Epílogo.	505
Bibliografía e referencias.	513